

A FESTA DO MAIO DE VILAFRANCA DO BIERZO



DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO PROVINCIAL EN 2009.

AS ORIXES DA FESTA



A orixe dos festexos dos maios, como o de Vilafranca do Bierzo, lévanos a tempos remotos nos que a humanidade percibe a súa relación de dependencia coa Natureza para poder vivir, marcándose o obxectivo de coñecer os seus misterios. Nese proceso o ser humano aprendeu como funcionaba o ciclo das estacións e a importancia da chegada da primavera.

Para propiciar unha boa entrada da primavera o home primitivo adoraba as árbores como deuses/as relacionados coa estación da fertilidade.



O ciclo das castañas e o da Festa do Maio teñen unha curiosa relación cargada de simbolismo. Nas fotos o castañoiro centenario de Pobladura da Somoza, O Mirandelo, ao longo das estacións.

OS DISTINTOS TIPOS DE MAIOS



Os festexos de maio que aínda existen hoxe eran antigamente ritos para propiciar a fecundidade de campos, animais domésticos e das propias persoas.

No mundo existen distintos tipos de celebracións relacionadas coa chegada da primavera, no noroeste peninsular atopamos:

- As enramadas
- As árbores de maio
- Os maios humanos
- Os maios cónicos
- As cruces de maio...




No Bierzo a tipoloxía máis significativa é a dos maios humanos de Vilafranca .

IDENTIDADE E RIQUEZA PATRIMONIAL

Hai que ir o primeiro de maio a Vilafranca do Bierzo para vivir unha auténtica festa ancestral e popular. Os primeiros maios alzáronse, quizáis, no neolítico, cuando o home das cavernas se converteu en agricultor. Noutros tempos, os habitantes destas terras, a pesares das condenas da Igrexa disposta a cristianizalo todo, seguiron celebrando este rito primaveral a través dos séculos.

*No Bierzo unha vila medieval cargada de historia e de arte, amiga das tradicións como é **Vilafranca**, conservou de forma ininterrumpida este maio humano como un dos máis prezados tesouros do seu patrimonio inmaterial e da súa variopinta riqueza cultural.*



É un claro expoñente da identidade berciana, ligado ás peculiaridades antropolóxicas, históricas e socioculturais da comarca, incluso na súa expresión idiomática. Economía tradicional, cultura e lingua camiñan polas rúas xuntas da mao dos maios de Vilafranca.

O CARÁCTER SINGULAR DOS MAIOS NO BIERZO

*Os maios humanos son un tipo de festexos case desaparecidos no norte peninsular, a non ser en Vilafranca do Bierzo. O seu carácter único convérteo **en referente deste tipo de maios en todo o norte peninsular**.*

*É o único “maio humano” que existe e resiste, a día de hoxe, en toda a Comunidade de **Castilla y León** onde este tipo de manifestacións tradicionais de primavera sempre foron raras.*

*Este tipo de maios mui frecuentes **en Galicia** na antigüidade , hoxe están practicamente desaparecidos nesta comunidade. **O noso mantívose vivo sen interrupción ata o presente.***



UN EXEMPLAR ÚNICO QUE NOS SINGULARIZA

VESTIR O MAIO COAS CAÑABEIRAS



Para vestir aos maíos en Vilafranca sempre se usou a mesma planta. Chámase popularmente “maíos”, “cañabeiras” ou “mazandois”.

Coñécese tamén como “apio dos cabalos”, unha umbelífera que prefire terreos ricos en arxila denominada cientificamente Smyrnum olosatrum. A comitiva e os mesmos maíos poden adornarse con flores.

*Os rapaces e rapazas escollen a un bon mozo/a **para facer un vistoso maio, atándolle con cordas esta planta** ata cubrir o corpo por completo e semellar unha árbore. É mui importante que non sexa recoñecido para poder representar o espírito da Natureza.*



O primeiro de maio unha comitiva de rapaces sae polas rúas da vila cun maio, ou dous, cantando unhas coplas tradicionais.

A LETRA TRADICIONAL DO MAIO DE VILAFRANCA

As coplas que se cantan, repítense sen variar de ano en ano, seguen certa orde:

- **Introdución** (coplas iniciais que fan referencia aos meses da primavera).
- **Presentación do maio** (pódese tumbar ao maio nese momento).
- **Petición** (a comitiva pide as castañas)
- **Resposta ao donativo** (pode ser de halago ou de insulto, dependendo de ter recibido ou non un donativo).
- **Despedida** (se o maio está tumbado, érguese para seguir cara a outra casa)

*Marzo airoso, abril chuvioso,
sacan o maio florido e fermoso.*

*Este maio, señora é
este maio andaba de pé.*

*Tire castañas, señora María,
tire castañas cas ten na cociña.*

*Estas portas son de ferro
onde vive un caballero.*

*Esta casa é de lousa
onde vive unha roñosa*

*Levántate maio, bastante dormiche,
pasou un burro e non o sentiche.*


O carácter petitorio das castañas secas, denominadas maiolas ou pilongas, está intimamente asociado a este fextexo tradicional.



HERDANZA MUSICAL DO CAMIÑO A COMPOSTELA

A singularidade e arcaicismo da melodía musical única, a dos maios de Vilafranca remóntanos á Idade Media polas semellanzas establecidas con canciois populares francesas dos séculos XIII- XIV. A música dos nosos maios é unha herdanza posiblemente derivada do núcleo de peregrinos de orixe francés que se establece na vila en época medieval.

É unha herdanza do fenómeno xacobeo, referencia tamén das tradicións antigas perdidas do Camiño. Vilafranca é a única vila xacobeá que conserva un “maio humano” igual ao que había noutras vilas do Camiño ben senlleiras, entre elas a propia Compostela.




Única vila xacobeá que conserva vivo un “maio humano”

TESTEMUÑA DA TRADICIÓN ORAL DO GALEGO NO BIERZO

A lingua e as tradicións conforman un apartado importantísimo da definición da psicoloxía dun pobo, ou sexa, da súa cultura. Este maio pasa por ser **unha das manifestacións máis evidentes da cultura galega fóra da Galicia administrativa.**

As súas **coplas constitúen unha peza moi valiosa dentro do patrimonio lingüístico**, referente imprescindible **da literatura de tradición oral**, valiosas pola súa antigüidade e por ser manifestación lingüística da fala da zona, **na variedade do galego oriental** na súa maior parte.

As coplas só se cantan, non están esculpidas en pedra, forman parte dun **patrimonio inmaterial vivo, pero mui sensible** e de dificultosa conservación.



*Un legado de gran valor
para a literatura de tradición oral berciana*

SIMBOLOXÍA ANCESTRAL DO CICLO AGRARIO

*É unha **celebración dun ritual ancestral conservada por tradición oral e cargada de símbolos asociados ao ciclo do ano rural** que se conserva integramente desde tempos remotos en Vilafranca do Bierzo.*

*A comitiva que **acompaña ao maio humano, como a letra di: “andaba de pé” para tumbalo no chao ante as casas, nas prazas entre os veciños e logo cantar: “levántate maio” simbolizando o espertar da primavera que chega á vila da mao dos maíos.***



As nosas coplas falan dun burro.

Estudando outras de maíos humanos xa perdidos entenderemos mellor o seu significado:

*Levántate Maio, que tanto domiche,
xa pasou o **inverno** e non o sentiche.*

(Viana do Bolo)



Por que os maíos piden castañas maias ou pilongas?

Os nosos maiores din: “Teis que comer maiolas o primeiro de maio para que non che dea o desmaio!”

POTENCIAL DIDÁCTICO E TURÍSTICO

Ten unha importante aplicación didáctica por ser referencia do ciclo do ano do mundo agrario e campesiño, pola súa aposta polos valores de **socialización e respecto á Natureza**, que son parte esencial desta manifestación cultural, pola **simbología de carácter antrópoxico** que esconde este ritual de primavera e pola súa **dimensión lúdica**. É de destacar o papel que desempeñan **a mocidade e os ninos/as como portadores principais da tradición**.

Ten unha gran potencialidade como atractivo turístico cultural, pola beleza e frescura que trasmite o discorrer dos “maios-mozos” polas históricas rúas da vila, ademais de asociarse a un **turismo verde ou ecolóxico** ao ser unha tradición que reclama a harmonía da actividade humana co ciclo vexetal ou tamén ao **turismo gastronómico** por ser típica a degustación da “castaña maia”, produto da gastronomía tradicional berciana.

Mais a Festa do Maio nunca será un espectáculo de masas nin perderá a esencia dun festexo acorde coa tradición, claramente participativo e popular.



UNHA FESTA TRADICIONAL E DIFERENTE

*A Festa do Maio de Vilafranca hoxe é **unha tradición en vigor, plenamente revitalizada, un exemplo de compromiso co legado de nos nosos maiores**, fruto do respecto, investigación e difusión dos costumes de quen a vimos cuidando desde hai anos cuando estaba a punto de desaparecer.*



*A Festa do Maio goza de boa saúde e está **arroupada por un conxunto de actividades** de divulgación presentes **nos centros escolares, publicaciois, exposiciois e actividades culturais paralelas como teatro de rúa ou festivais de música** que se suman así ao máis importante acto dese 1º de maio, ao festexo puramente tradicional para dignificalo e fortalecelo.*

*Un importante recoñecemento tivo lugar ao ser **DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO PROVINCIAL EN 2009.***



PARA SABER MÁIS

Se desexas ampliar información sobre as orixes, o seu sentido e conservación, ou para coñecer mellor este tesouro tradicional referente da riqueza patrimonial do Bierzo podes botarlle unha ollada á Unidade Didáctica ou ao DVD editados pola Asociación a Escola de Gaitas de Vilafranca ou consultar a súa páxina web: bierzocultura.org.



Textos: Héctor M. Silveiro Fdez.
Fotos: Arquivo da Escola de Gaitas de Vilafranca